



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico:
viveiro@fegamp.es

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D.Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D^a.María Loureiro García, (PS de G-PSOE)
D.Jesús Antonio Fernández Cal, (PS de G-PSOE)
D^a.M^a.Isabel Rodriguez López, (PS de G-PSOE)
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (PS de G-PSOE)
D^a.Covadonga Viamonte Aguiar, (PS de G-PSOE)
D.Cesar Aja Mariño, (P.P.)
D^a. M^a. del Carmen Gueimunde González (P.P.)
D.Celestino Valentín García Paz (P.P.)
D^a. Cándida Méndez Salgado (P.P.)
D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)
D.Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.)
D.Manuel Galdo Dopico (B.N.G.)
D.Guillermo Leal Arias (IVI)
D.Jesús Fernández Fernández (IVI)

EXCUSAN A SUA ASISTENCIA

D.Jaime Eduardo de Olano Vela (P.P)
D^a.Olaia Casas Chaves (B.N.G.)

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR ACCIDENTAL

D.SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do día trinta e un de outubro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, D:Melchor Roel Rivas e coa asistencia dos Sres.Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

**1º.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADA
POLO PLENO EN DATAS 24 E 26 DE SETEMBRO DO 2012.**

Polo Sr.Alcalde D..Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Srs. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer as actas das sesións extraordinaria do día 24 de setembro de 2012 e da sesión celebrada o día 26 de setembro de 2012.



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico:
viveiro@fegamp.es

Producíndose a aclaración do Sr.Concelleiro D. Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)refiríndose a Acta do 26 de Outubro que dí, que non se recolle a asistencia a dita sesión da Sr^a.Concelleira Dona Cándida Mendez Salgado (P.P) e tampouco do Sr.Concelleiro D.Guillermo Leal Arias (IVI) que estiveron como asistentes á devandita sesión. Obsérvase igualmente, continúa dicindo o Sr.Antonio José Bouza Rodil que no punto número 12- da Orde do día o Sr.Concelleiro reclama que deben figurar as datas do 22-06-2010 e 30-06-2012 .

Seguidamente e salíndose deste punto-polo Sr. Bernardo Fraga Galdo, Voceiro do BNG), prodúcese, no turno da súa palabra- unha aclaración e dí, que os membros do seu Grupo Político queren e desexan estar todos xuntos no Salón de Plenos e na mesma fila da oposición, e piden se prolóngue a mesa para que a concellala Sr^a.Olaiia Casas Chaves (BNG) poida sentarse de maneira que non quede pequeno o atril que se ven compartindo cos concelleiros do Grupo Independentes de Viveiro (IVI), xa que Cinco concelleiros están demasiado apretuxados e solicita solucións.

O Sr. Alcalde, dí que agradece o aviso porque non se decatou da situación e que xa estaría arranxado si se avisará na sesión anterior, e toma nota para solucionalo canto antes.

Prodúcese a salvedade polo Sr. Jesús Fernández Fernández do partido Independentes de Viveiro(IVI) quen dí, no punto 6)- que o Grupo do P.P.) vai a votar en contra e no “Dictame” dícese que se aproba por unanimidade, polo que hai unha contradición, xa que si se vota en contra, logo non poder ser por unanimidade, e roga se corrixa.

Na páxina 17) que non están numeradas as follas, nunha intevención do P.P. e correcto dicir que o Sr.Interventor ven en aclarar e dí:.. “que, ademáis, terá que estar aprobados definitivamente antes do 31 de decembro.....”.

Na páxina 18, que dí que intervén o Sr.Guillermo Leal Arias, hai que correxilo xa que o correcto é dicir que intervén o Sr.Jesús Fernández Fernández, concelleiro do (IVI).

E non producíndose ningunha mais obxeccións ou puntualizacións as Actas das sesións extraordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2012 e Acta da sesión extraordinaria do día 26 de setembro de 2012, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestarlles a súa aprobación previa corrección dos erros da Acta número 2.

2.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA

O Sr. Alcalde da conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.



3.- DACION DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL

Dase conta de escrito recibido do Ministerio de Xusticia-Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza-Subdirección Xeral de Organización e Coordinación da Admón de Xustiza, en contestación a escrito deste Concello relativo ao informe emitido polo Consello Xeral do Poder Xudicial sobre a reforma da demarcación xudicial, e ven en informar.” -Un dos obxetivos prioritarios do Goberno é sentar as bases para lograr unha completa transformación da Administración de Xustiza.Trátase de lograr una xustiza adaptada as necesidades actuais e que, utilizando as novas tecnoloxías dispoñibles,atenda,en un prazo de tempo razonable, os problemas dos cidadáns.

Por elo, mediante acordo do Consello de Ministros do pasado 2 de marzo, creouse unha Comisión institucional para a elaboración dunha proposta de texto articulado da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial, proposta que, polo momenton, non se materializou.

Polo que respecta á demarcación, é preciso adaptar o mapa xudicial á realidade demográfica, económica e social actual. Para ello, é preciso dotar á xustiza de unha estrutura organizativa e territorial baseada en criterios de flexibilidade e eficiencia, e que sexa capaz de evitar a excesiva acumulación de litigios en determinados territorios.

O informe presentado polo Consello Xeral do Poder Xudicial encuádrase dentro de este proceso de reforma.Asimesmo,as comunidades autónomas han de participar no proceso, formulando propostas para o seus análisis.

En calquera caso, o Ministerio de Xustiza pretende levar a cabo este proceso baixo a premisa de lograr o máximo consenso e evaluando en profundidade todos os datos dispoñibles así como os factores e circunstancias específicos cada caso”.

O Pleno Corporativo,por unanimidade, acorda darse por enterado.

4.- INFORME Á PROPOSTA DE RESOLUCION DE EXPEDIENTE, DISCIPLINARIO AO EX INTERVENTOR E TRASLADO AO MINISTERIO PARA A SUA RESOLUCION.

Tendo en conta o expediente disciplinario tramitado contra D.Fidel García Martúl, ex- Interventor de este Concello de Viveiro, que actualmente encóntrase prestando servizos no Ayuntamiento de Ferrol.

Resultando que no artigo 151 del Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que será competente para a imposición de faltas graves ou moi graves ao resolver o expediente disciplinario o Ministro de Administracións Públicas, cando se trata de impoñer sancións que supoñan a destitución do cargo ou a separación do servizo de funcionarios con habilitación de carácter estatal, sendo tamén para impoñer a sanción de suspensión de funcións ós funcionarios con habilitación de carácter estatal cando a falta hubérase cometido na Corporación distinta da que se encontre actualmente presentando servizos.



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

Resultando que na proposta do instructor figura como sanción a suspensión de funcións, e unha vez recibidas, en data de 27 de setembro as alegacións a dita proposta formulada por D.Fidel García Martúl.

Polo Sr.Alcalde, indícase tamén que polo instructor se solicita a suspensión de emprego e soldo en un mes e que non é unha imposición de falta grave pero que é evidente que non fixo os seus deberes.

Seguidamente sómese á consideración do Pleno da Corporación, ós efectos de emisión de informe non vinculante sobre dita proposta, previsto no artigo 46.c) do Real Decreto 1174/1987, ós efectos de posterior remisión do expediente ao Ministerio de Administracións Públicas para resolución do expediente disciplinario.

Non existindo debate sobre este asunto, procede a votación, acordándose, por unanimidade de todos os membros presents, (15) aprobar a proposta formulada pola Alcaldía coa adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-Ratificar a proposta de Resolución emitida polo instructor do procedemento, de data de 6 de setembro de 2012, recibida nete Concello o 12 de setembro de 2012.

Segundo.-Remitir o expediente ao Ministerio de Administracións Públicas os efectos de resolucións do expediente disciplinario.-Viveiro a 11 de outubro de 2012.

5.-DOCUMENTO DE ADHESION DO CONCELLO DE VIVEIRO AO CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE A ADMINISTRACION XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTION (SIX) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES (RPA)

Dase conta de escrito da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas-Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, comunicando que o pasado 1 de agosto asinouse o Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX) de residuos de pilas e Acumuladores (RPA).

Este convenio pretende establecer os mecanismos para levar a cabo unha xestión axeitada dos RPA portátiles a través das entidades xestoras dos SIX de RPA que o asinan e que están autorizados para operar en Galicia, co fin de cumprir co esixido no Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos e demais normas.

Para iso os Concellos teñen que adherirse ao Convenio Marco e adoptar as medidas que nel se establecen para facilitar a efectiva implantación dos SIX de RPA asinantes do Convenio no seu ámbito territorial.



O Convenio permite que os Concellos opten no momento da súa adhesión por dous sistemas.

Non existindo debate sobre este asunto, e contando co dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, por unanimidade con quince (15) votos a favor de tódolos membros presentes:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao presente Convenio Marco deste Concello de Viveiro baixo a **opción “B”** – xa que a entidade local que suscribe esta adhesión comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, transporte, e almacenamento temporal dos RPA portátiles do concello, sendo o SIX o que se encargue da xestión destes residuos.

Segundo.- Remitir o presente acordo á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Facultar ao Sr.Alcalde para asinar o documento de adhesión ao Convenio Marco, así como de asumir os compromisos que se deriven do mesmo.

6º.-APROBACION DA ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS NON SUXEITOS A LICENZA PREVIA.

Intervén o Sr.Alcalde D. Melchor Roel Rivas expoñendo que foi elaborada polos Servizos Técnicos o expediente administrativo tramitado neste Concello para levar a cabo a aprobación da Ordenanza Reguladora da apertura de establecementos, e de realización de obras ligadas ao acondicionamento dos locais para o desenvolvemento de actividades comerciais non precisadas de proxecto de obra, adaptada tanto á Directiva de Servizos e normas estatais de transposición daquela ao dereito interno como ao Real Decreto-Ley 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Como consencuencia da substitución do réxime de intervención previa (licenza) neste tipo de actividades polos de declaración responsable e comunicación previa, resulta necesario adaptar as Ordenanzas fiscais reguladoras das taxas de licenza de apertura de establecemento (nº 6) e de obras (nº 5) así como a reguladora do ICIO (nº 2).

Vistos os informes de Secretaría e Intevención.

Visto que na Comisión Informativa de Economía se dictaminou favorablemente a aprobación da Ordenanza Reguladora da Apertura de Establecementos non Suxeitos a Licenza previa



Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado:

Primeiro.- votos a favor: 15 que resultan ser, por unanimidade de todos os membros presentes, en consecuencia declárase aprobada provisionalmente a Ordenanza Reguladora da Apertura de Establecementos non Suxeitos a Licenza Previa.

Segundo.- Exposición ao público no B.O.P. polo prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro.- en caso de non existir reclamación, enténdese aprobada definitivamente debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

7º.-APROBACION DA MODIFICACION DO REGULAMENTO E ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Seguidamente polo Sr.Alcalde propónse ao Pleno a proposta de modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia define e regula os servizos sociais comunitarios así como o seu financiamento e con carácter xeral atribúe aos concellos galegos a competencia na xestión dos servizos sociais comunitarios, entre eles a axuda no fogar. En desenvolvemento desta Lei a Consellería de Traballo e Benestar aprobou o Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Neste Decreto establécense novas regras de cálculo para o servizo de axuda no fogar para as persoas en situación de dependencia que teñen o dereito e atención recoñecido, e para as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de carácter básico, otorgando aos concellos un prazo máximo de adaptación das súas ordenanzas ao disposto no Decreto 99/2012.

Polo que compre adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Viveiro de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, esta Alcaldía visto o informe de Intervención e Secretaría o cal achégase, **PROPON:**

Primeiro.- Aprobar provisionalmente polo Pleno a modificación do texto do regulamento de servizo de axuda no fogar do concello de Viveiro sendo a nova redacción do seguinte tenor literal:...”que se xunta e da que todos teñen copia



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico:

viveiro@fegamp.es

Segundo.- Exposición ó público o acordo provisional e o novo texto do regulamento, por prazo de trinta días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local.

Terceiro.- Corresponderá ó Pleno a resolución das reclamacións e suxerencias e a aprobacion definitiva. De non haber reclamacións e suxerencias, elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación do Pleno.

Cuarto.- Entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partir do mesmo

Seguidamente abrese o turno de intervencións, estando conforme todos os Grupos co dictame da Comisión Informativa, excepto o BNG que na Comisión de Economía, representado polo Concelleiro Sr. Manuel Galdo Dopico (BNG) emite o voto a favor, neste intre, manifesta que o Grupo do BNG vaise abster, por non estar dacordo co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regulan os servizos sociais que establece a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, e ven en facer fincapé en non estar conformes coa postura regresiva da Xunta de Galicia e manifesta que se van abster na votación.

Visto o Informe favorable de Intervención

Visto o Informe da Secretaría.

Visto o dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía do día 26 de Outubro de 2012.

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, D. Melchor Roel Rivas, D^a.María Loureiro García, D^a.Isabel Rodríguez López, D.Jesús Antonio Fernández Cal, D^a.Covadonga Viamonte Aguiar, D.Carlos Gueimunde Cabaleiro, (PsdeG-PSOE); D.Cesar Aja Mariño, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a.M^a. del Carmen Guimunde Gonzalez, D^a.Cándida Mendez Salgado y D.Celestino Valentín García Paz (P.P.). D.Guillermo Leal Arias y D. Jesús Fernández Fernández.(IVI)

Abstencións: 2, D.Bernardo fraga Galdo, D.Manuel Galdo Dopico.

En consecuencia adóptase o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación provisional da modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.



Segundo.- Exposición ó público o acordo provisional e o novo texto do regulamento, por prazo de trinta días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local.

Terceiro.- Corresponderá ó Pleno a resolución das reclamacións e suxerencias e a aprobación definitiva. De non haber reclamacións e suxerencias, elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación do Pleno.

Cuarto.- Entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partir do mesmo día.

8.- APROBACION DE MODIFICACION DAS ORDENANZAS FISCAIS AREGULADORAS DE IMPOSTOS, TAXAS E PREZOS PUBLICOS PARA REXER NO ANO 2013.

Polo Sr. Alcalde preséntase al Pleno corporativa a seguinte proposta:

_____ “De conformidade co establecido no Texto Refundido da Lei reguladora de Facenda Locais (TRLRHL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, no que se potencia a autonomía municipal ao atribuír aos Concellos unha certa capacidade normativa e maior marxe de decisión, dentro dos límites definidos legalmente en materias fiscais (tipos impositivos, tarifas, bonificacións e incentivos fiscais) , este Goberno Municipal somete á aprobación do Pleno da Corporación unha proposta de modificación das ordenanzas fiscais para o ano 2013.

Por outra banda, e a tenor do regulado no artigo 24.2 do TRLRHL onde establece que, *“o importe das taxas pola prestación dun servizo ou a realización dunha actividade non poderán exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida, tomándose en consideración para a determinación de devandito importe, os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e demais necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo polo que se esixe a taxa”*, considéranse os estudos de custos para o incremento da taxa da ordenanza nº 8, reguladora do saneamento e depuración de augas residuais, así como os estudos e medidas do Plan de axuste aprobado polo Pleno deste Concello o día 30 de marzo de 2012 .

Revisados os textos do 2012, as variacións para o ano 2013 son :

- a) Nas ordenanzas reguladoras de taxas e prezos públicos pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local establécense un incremento de tarifas do 3,3% que corresponde ao IPC previsto do período decembro 2011 a decembro de 2012 (estimación FUNCAS).



b) Seguindo o Plan de Axuste, as ordenanzas reguladoras de taxas e prezos públicos pola pretación de servizos ou realización de actividades, incrementanse o 3,5% agás:

- A taxa do Conservatorio (O.Fiscal nº 27) e a taxa de uso dos pavillóns municipais (O.Fiscal nº 23) que suben o 4% por ser altamente deficitarias, Deste xeito cumprimos o dito no plan de axuste , e tamén suprimense na ordenanza nº 27, como se acordou as bonificacións dos empregados públicos deste Concello e a exención dos membros da Banda de Música O Landro de Viveiro que sexan maiores de 25 anos.
- As ordenanzas nº 5 de licenzas urbanísticas, nº 29 limpeza de canalóns e nº 36 referente a mercado gandeiro non se incrementan, aínda que nestas dúas últimas non hai actividade. Coa aprobación do Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos, modifícase o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, na regulación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras, para incluír no seu feito imponible a realización de obras, instalacións ou construcións para os que se esixe a presentación de declaración responsable ou comunicación previa. En consecuencia, deberían modificarse as correspondentes Ordenanzas Fiscais que regulan este imposto e as ordenanzas relacionadas, como é a nº 5 realizando as seguintes modificacións no texto:

Artigo 3º. SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o Artigo 33 da L.X.T., que soliciten, provoquen, **presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas**, ou en interese de quen redunden as prestacións ás que se refire a presente Ordenanza.

Artigo 9º . NORMAS DE XESTIÓN

1.- As taxas por prestación de servizos urbanísticos esixiránse en réxime de declaración e liquidación simultánea , cando se realicen a petición do interesado, **cando se presente a declaración responsable ou comunicación previa**, e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración tributaria local.

- A ordenanza nº 6 de licenzas de apertura de establecementos varía totalmente para adaptala á modificación de noso ordenamento xurídico



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.

- coa transposición ao dereito interno das disposicións da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de Servizos). O texto íntegro facilítase no **anexo 1**.
- A ordenanza nº 17 de distribución de auga incrementase no IPC acumulado a setembro (3,4%) tal como establece o prego de condicións da concesión.
- A ordenanza nº 10 de recollida de lixo, nº 18 do Matadoiro e a licenza de autoturismos e vehículos de aluguer sube o IPC previsto a decembro, isto é, o 3,3%.
- En referencia á taxa de saneamento e depuración de augas residuais (ordenanza fiscal nº 8), en sesión ordinaria celebrada 25 de novembro de 2009, o Pleno deste Concello adoptou, por unanimidade dos membros presentes, entre outros, o seguinte acordo: *“Cesión a Aquagest, Promoción Técnica e Financiera de Abastecementos de Auga., como concesionaria do servizo municipal de auga potable e saneamento do municipio de Viveiro, das instalacións da EDAR de Viveiro para a xestión da depuradora de augas residuais e restablecemento do equilibrio económico do contrato.”*


Que no devandito acordo plenario conforme ao punto segundo do expediente contradictorio SP 1/09 establece: “A retribución anual, sen prexuízo da revisión de prezos establecidos non prego fíxase en 386.309 €, co que se cumpre coa obriga de manter o equilibrio económico do contrato”.

No expediente do acordo figuran os estudos económicos que establecen a anterior retribución.

Que o concesionario do servizo e de acordo co punto catro do expediente mencionado presentou un estudo de modificación de tarifas coa repercusión no cadro de tarifas da cantidade anual aceptada de 386.309 € (inclúe enerxía eléctrica).

Que os Servizos económicos presentaron informe, de data 8 de febreiro de 2010 e nº rexistro 783, no que pon de manifesto a evidencia de modificar a ordenanza fiscal nº 8, no referente ao servizo de depuración, para así cumprir o anterior acordo plenario.

En base aos datos proporcionados por Aquagest e o estudo dos servizos económicos e o informe do inxeneiro de C.C. e Portos D. José A. Núñez Ares da Consultora AIN-ACTIVE (datos no Pleno de 25 de novembro de 2009), establece un coste de xestión 333.025€ (sin IVE ni



pretratamiento) . Sobre a base dos últimos datos proporcionados por Aquagest e revisados polos servizos económicos calcúlase un custo total para o ano 2013 de 389.385,54 € o cal inclúe o pretratamento e a enerxía eléctrica pero non impostos (IVE).

Faise unha previsións de consumos de cales obtense as tarifas para non exceder do custo real da prestación do servizo de depuración.

Por todo o dito anteriormente as tarifas de depuración de augas residuais que se propoñen son:

USOS	COTA €/MES	€/m³	Mínimo trimestral
DOMÉSTICO (inclúe verquidos propios)	1,50	0,21	14 m3
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	2,50	0,27	49 m3
HOSTELERÍA E ALMACENS ALCOHOLES	2,50	0,27	32 m3
GARAXES,TALLERES INST. E COLEXIOS	2,50	0,27	27 m3
FÁBRICAS, TINTURERÍAS, CINES E TEATROS	2,50	0,27	42 m3
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	2,50	0,32	49 m3

- En referencia as ordenanzas de prezos públicos de Piscina municipal (ordenanza nº 37), O.R.A (ordenanza nº 31) e Retirada de vehículos (ordenanza nº 20), as tarifas adecuanse cos prezos actuais de mercado.
 - Na ordenanza nº 42 de Servizos culturais, Teatro, os prezos regularizanse ao que se abona na actualidade.
- c) Na Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles (en diante IBI) mantense o tipo de gravame máximo do 1,3% dos bens de características especiais (en diante BICES), non se alteran os de natureza rústica e permanece para 2013 o 0,72% nos tipos dos bens de natureza urbana incrementado o 10% polo establecido no Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- d) Na Ordenanza fiscal nº 2, do imposto sobre construcións, instalacións e obras (en diante ICIO) non se incrementa o tipo , pero como xa dixemos coa aprobación do Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos, modifícase o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, na regulación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras, para incluír no seu feito imponible a realización de obras,



- e) Instalacións ou construcións para os que se esixe a presentación de declaración responsable ou comunicación previa. En consecuencia, debe modificarse a ordenanza que regula este imposto nos seguintes termos:

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúeo a realización no termo municipal de Viveiro, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, **ou para a que se eixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa**, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS

.....

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción , instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen solicite as correspondentes licenzas, **ou presenten as declaracións responsables ou comunicacións previas**, ou realice as construcións , instalacións ou obras.

Artigo 9º. NORMAS DE XESTIÓN

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo Imposto, no impreso habilitado ó efecto pola Administración municipal e a abonala en calquera entidade colaboradora autorizada, previamente á retirada da licenza concedida **ou cando se presente a declaración responsable o comunicación previa** e, en todo caso, dentro do prazo.....

- f) Na Ordenanza fiscal nº 21, do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (en diante IVTM) increméntase todos os coeficientes ao 3% co conseguinte aumento en cuota, e así cúmprese o plan de axuste aprobado por este Pleno.

En resumo os impostos anteriores quedan cos gravames que a continuación se relacionan, cumprindo a marxe que se pode aplicar legalmente:



	IBI URBANA	IBI RÚSTICA	BICES	IVTM (1)	IVTM(2)	IVTM(3)	ICIO
MÁXIMO	1,1	0,9	1,3	2	2	2	4
ACTUAL	0,720+10 %	0,83	1,3	1,452	1,467	1.495	2,13
PROPUEST A	IGUAL 2012	IGUAL 2012	IGUAL 2012	1,496	1,511	1,540	IGUAL 2012

Polo devandito e visto o informe da Intervención municipal, esta Alcaldía **PROPÓN:**

- I. Aprobar provisionalmente polo Pleno, as tarifas e prezos das ordenanzas segundo o cadro resumo do anexo nº 2, as modificacións do texto expostos anteriormente das ordenanzas nº 2 e 5, e o texto íntegro da ordenanza nº 6 do anexo 1 .
- II. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado.

Aberta a quenda de intervencións,

Polo Sr.Alcalde outórgase o uso da palabra á Concelleira de Facenda, Dona Covadonga Viamonte Aguiar (PSG de PSOE), quen expón, primeiramente, que esa Ordenanza que regula as taxas e impostos dos prezos públicos e, a noso pesar, xa que temos que facer incremento en algunhas taxas para poder reducir o déficit.-Continúa dicindo, que a maior parte dos servizos están pactados con empresas suministradoras por convenio dos anos noventa e tantos e dous mil, que están reguladas polo IPC Interanual e que este ano e do **3,3 %**, Este incremento afecta as Taxas de: Rede de Saneamento, Recollida de Lixo; Auga;

Continúa dicindo que, con respecto o Conservatorio vai subir un 4% e engade que hai que subilo aínda que vai a ser un Centro de servizos deficitario, e pensa que non terían que pagar os veciños de Viveiro, xa que é un Centro Supramunicipal que colle varias provincias-desde Vegadeo ata Ortigueira, pero aínda o veñen pagando os veciños e veciñas de Viveiro., e digo isto porque si pensamos nun alumno de música,no mismos curso que vaia o Conservatorio de Ferrol, terá que pagar uns 340 €uros anuais, mentres que un alumno do Conservatorio de Viveiro terá que pagar uns 700 €uros, xa que este servizo é deficitario e temos que seguir incrementando as taxas cando eu entendo que no nos corresponderían pagar ao conxunto deveciños de Viveiro senon ao conxunto de vecinos da Comunidade Autónoma de Galicia.



Continúa dicindo que, os impostos do IBI, (Imposto de Bens Inmóbles) que tiñamos o 0,72% e que polo Ministerio se incrementa un 10% coa subida polo Decreto de 21 de decembro de 2011 dos Presupostos do Estado, por enriba do que cada Concello ten, e tiñamos de tipo impositivo 0,72% ten que pasar a un tipo impositivo do 0,79%, este porcentaxe continúa para o ano 2013. igualmente para co IAE, que continúa co mesmo precio do ano 2012, e igualmente pasa co imposto da construción.

Continúa dicindo que, o que sube e o Imposto de Vehículo de Tracción Mecánica (Coches) que sube un 3%.

Para rematar di, que no conxunto de taxas e impostos que vamos a subir para o ano 2013 non se recauda o suficiente para pagar os servizos que temos que prestar ao conxunto dos cidadáns. Ademais este Concello necesita sufragar o déficit do Servizo de Axuda no Fogar, o déficit que temos no Conservatorio, o déficit que temos no Pavillón de deportes, o déficit que temos no Teatro, o déficit do Cemiterio etc; con todo este incremento seguimos sendo deficitarios na maior parte dos servizos e aínda que no nos guste, remata dicindo, temos que incrementar e, a pesar de todo, nos vai tocar un ano bastante complicado para poder aguantar.

Intervén D. Antonio José Bouza Rodíl, en representación do Grupo Municipal do P.P. para indicar que o seu grupo pensa que para este tipo de taxas poderíase facer un estudo de eficiencia dos servizos, ver realmente en que cantidade habería que subir ou baixar determinados tantos por cento, incluso algunhas poderían ser conxeladas e outras habería que baixalas. Con respecto ao porcentaxe do IBI o noso Grupo xa pediu o ano pasado baixar o tanto por cento do imposto impositivo e podería baixarse por exemplo ao 0,69%, mentres que o Concello seguiría recaudando igual e os veciños de Viveiro terían máis saneados os bolsillos, pero seguimos pensando que o problema radica onde sempre, na falla dun Orzamento. Vamos a empezar a casa polo tellado xa que teríamos que estar aquí co presuposto para o ano 2013 e seguimos co problema que non sabemos canto vamos a gastar e mirar que partida podería ser menos deficitaria, ata inclusive, non sei, ter a vontade de traballar e como lle decíamos o ano pasado, o noso voto vai a ser negativo, sobre todo por coherencia xa que este tipo de incremento en taxas e impostos habería que facer un estudo e ao mellor hai partidas que poderían ignorarse ou desaparecer e ata inclusive non ser deficitarios, polo tanto o noso voto vai a ser negativo pola súa política económica baseada en descontrol de gasto.

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde D. Melchor Roel Rivas, (PSdG-PSOE) e ven en dicir que como se dirixe ao Alcalde, vou a contestarlle e lle recordo que no tema do IBI, vostede retirou a Moción, e basta xa de prensa, que aguanta o que vostedes lle contan e despois veñen aquí e retiran a moción do Pleno porque sabían que era ilegal e retiróuna vostede mesmo, indica, e despois votou amiña proposta en contra da súa-e votou que os Presupostos que habería que presentar eran os do 2013 e antes do 31 de decembro. Continúa dicindo, en canto as Taxas, mire vostede, a política de este Goberno Municipal, sempre foi atender os colectivos máis desfavorecidos, pero diga, vostede,



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.

publicamente que hai que cobrar 2.000 euros a cada alumno do Conservatorio para que sexa rentable, diga vostede que xa no ano 2004 o seu Grupo aproboú unha Moción para que se fixera cargo do Conservatorio a Xunta de Galicia, que a Consellería se fixera cargo e para elo estivemos en Santiago e o Sr.Currás (Conselleiro de Educación) dixo que Non. Dixo que non, como tamen dixo que no o Goberno Bipartito, pero eu, no no escondo. Diga vostede, que tamen estivo vinculado o deporte, que temos que cobrar 187.000 €uros ós clubs deportivos e tampouco os cobramos porque habería que votar fora ós nenos e nenas de Viveiro e non poderían xugar os xóvenes e, diga vostede, que a Xunta de Galicia non lle da subvencións ao Concello para o deporte, e que a Xunta nos retirou tamén a subvención de Axuda no Fogar a pesar de ter un informe do Consello Consultivo de Galicia que dí que é ilegal, pero este servizo vai costar 350.000 €uros.Diga vostede, que hai que subir as cuotas do Cemiterio para cubrir o déficit de 80.000 euros.Continúa dicindo o Sr.Alcalde que o Sr.Barreiro do(P.P.) tivo unha reunión con empresarios da mariña para decidir que se lles iba a pagar a través do Plan de Saneamento dos Concellos, pero vostedes votaron en contra (P.P.) e nosoutros a favor (PsdG-PSOE) e cobraron os provedores débedas que non estaban recoñecidas polo anterior Goberno municipal; aínda así, vostedes votaron en contra do plan de saneamento do mes de maio.

Seguidamente Intervén o Sr.Bernardo Fraga Galdo, Voceiro do (BNG) e ven en dicir que o Teatro nós,no no consideramos déficit senon unha inversión; evidentemente o Teatro non vai ser nunca rentable, pero a aparte de iso, é unha cuestión da política que quere facer o goberno; se non se quere facer así, con pechalo xa estaba. E en relación coas Taxas, continúa dicindo é evidente que a día de hoxe as condicións económicas, sociais e políticas, e non só en Viveiro, cambiaron, e o Partido Popular subiu os tramos do IRPF ata o 21% ou o Goberno da Nación sube un 10% no IBI, habería que reduci-lo nun porcentaxe que non se pode por lei, e continúa dicindo que despois quitan a paga extraordinaria ós funcionarios, polo que se está conseguindo que cada veciño teña menos poder adquisitivo, que haxa mais descenso de consumo e polo tanto mais paro. Esta subida que se propón polo Goberno Municipal vai na mesma liña e os veciños terán menos poder adquisitivo e para rematar para cumprir un Plan de Axuste hai que ter un Orzamento, establecer unhas Bases, presentar un Presuposto e temos claro que nós, non vamos aprobar ningunha subida de taxas deste Concello sin que haxa un presuposto, polo que e o noso voto vai a ser desfavorable.

Seguidamente, intervén o Sr.Alcalde D.Melchor Roel Rivas, que dí que despois verase a responsabilidade de cada quen de ir en contra dun acordo municipal, nons, non vamos a dar cursillos,pero vou dicir que as Taxas para poder entrar en vigor-teñen que estar aprobadas definitivamente antes do 31 de decembro, polo que si hoxe non se aproban, que teñen que estar expostas 30 días e sabe vostede que vai encontra dunhas taxas que vostede mesmo levantoú o brazo para aprobar que subian as taxas e un punto mais aquelas que resultaran deficitarias, digo que votou a favor, no mes de maio, porque vostede votou a favor do Plan de Axuste e iba incluída a subida. Digo que vostede como voceiro dice que vai votar en contra do que votou no mes de maio a favor.Polo que sin a aprobación das Taxas, tal e como se aprobaron por nove concelleiros nun Pleno, teríamos que recortar servizos, pero lémbrolle que vostede levantoú o brazo e adquiríuse



un compromiso co Ministerio de Facenda e vostede fixo que o Concello de Viveiro lle dixerá ao Ministerio de Facenda que iamos a subir as taxas.

Continúa dicindo o Sr. Alcalde que dicir que si non se sube o IPC teremos que recortar o servizo e vou a dar outro cursillo xa que a taxa é para quén usa o servizo e o imposto directo vai en virtude da capacidade económica e o indirecto indiscriminado que é o que vostede critica a subida do IVA na maioría dos productos nun 21%, esta suba é do Ministerio. Outra cousa é que si o Pleno, a nivel legal, pode votar en contra do Plan de Saneamento que se votou a favor en maio e este Goberno municipal sigue mantendo o mesmo que votou en maio, aínda que seibamos que, dentro de un es, podemos estar fora do Goberno Municipal, porque con que alguén se poña dacordo, con nove votos a favor dunha Moción de Censura, hai un novo Alcalde, pero plantexámolo coa mesma seriedade e responsabilidade co que se aprobou no Pleno de maio.

A continuación, intervén o Sr. Guillermo Leal Insua, voceiro do Partido Independentes de Viveiro (IVI) e dí :” O noso Grupo está na mesma tesitura que o ano anterior e consideramos que non é unha subida excesiva en canto a taxas, pero sí, hai uns incrementos nos impostos que suben e que van afectar a moitos bolsillos dos cidadáns .Prodúcese un incremento no Imposto de Bens Inmóbles (IBI) dun 10% que ven do Ministerio. En relación ao canón da auga que establece a Xunta de Galicia, que estanos gobernando por maioría absoluta, e que os estamos poñendo ahí para que aproben as subidas esaxeradas, e o noso Partido IVI non vai a estar conforme con esas subidas, e pensamos que virán moitos recibos de volta polos incrementos tan salvaxes, e coa subida do IVA vemos que estase a perseguir ós contribuíntes e non podemos trasladar isto ós Concellos. Sería interesante en ver que cantidade de gastos hai. Non creo que estexamos dacordo en que se deixen de dar servizos como é o de” axuda no fogar “ ou con respecto o do conservatorio, teremos que mantelo ou pechalo e, neste caso, facer máis fincapé ante a Xunta para que se fixera cargo deste gasto. O incremento do Imposto de Bens Inmóbles, vemos que a un mil eurista o recibo da contribucións pódelle ascender a mais de 300 €uros; sácalle iso a unha familia e moi inxusto e esperemos que non veña unha revisión do Catastro, que, claro, sería catastrófico. Por todo, nós, como vimos manifestándonos en outras sesións vámonos abster.

A continuación, polo Sr. Alcalde procédese, de conformidade co establecido no ROF, a dar un segundo turno de réplica, que discorre do seguinte xeito:

Intervén D. Antonio José Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para indicar que o seu grupo retirou a proposta referente o IBI porque xa viña fora de prazo ante o aumento estatal do 10% pero neste intre a nosa petición é que o tipo impositivo se rebaixe ao 0,69%. Referente a Moción sobre a paga extra, se nos dixo desde Facenda a dónde tiña que ir, e con respecto ós Presupostos, vamos cansados de pedilos, e ao mellor temos que reducir gastos, e o Concello terá que pagar o que se poida pagar, e ter os servizos que se poidan ter. Hai que mirar o que se pode facer e non ter tanta festa ou sarao, ou dar subvencións a certas empresas privadas que veñen eiquí e depois, si te e visto no me acuerdo... polo que os Orzamentos cando os teñamos poderemos dicir os servizos que se poden ter, e non empezar a casa polo tellado; o normal é que se tiveran presentados no Pleno os Orzamentos para o 2013, xa que non



se sabe a que se van destinar eses cartos e dí que o informe de intervención fala de que o aumento das taxas non é suficiente para cubri-los servizos algúns deficitarios. Remata dicindo que o voto do seu grupo vai a ser negativo polo descontrol e a deixadez.

Intervén o Sr.Alcalde, D.Melchor Roel Rivas para indicarlle ao edil do P.P. que acaba de votar unha sanción ao ex interventor por non ter as contas e cómo vai a presentar uns Presupostos se non hai as contas..., e tamen diga, Sr. Bouza, que hai que pechar o Conservatorio, ou diga que non fagamos o festival de Resurreixon Fest, que da de comer a moita xente, e que xa teñen ofertas de outras Cidades e ven sendo unha gran inversión para Viveiro, pero vostede, Sr. Rodil é funcionario...

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o Grupo do P.P., no tema do IBI ,o seu grupo retirou a súa Moción porque sabían que era ilegal.Retiróuna Vostede do Pleno. Votoú a proposta miña en contra da súa, que votoú antes do 31 de decembro terían que estar os presupostos.En canto as taxas, o Sr.Alcalde dí , a miña política foi atender ós colectivos menos favorecidos. Diga vostede que non se tramitou ante a Xunta de Galicia que se fixeran cargo da transferencia do Conservatorio, xa no ano 2004 e co Bipartito e agora e sempre dixeron que non a esa proposta. Diga vostede que temos que cobrar ós clubess Deportivos aínda que non cobramo, Dígaoo. Diga tamén que a Xunta de Galicia retirou a Axuda no Fogar. Diga vostede que o Sr.Barreiro dixo que se iba a pagar o Plan de Saneamento pero o P.P. non recoñeceu a débeda cando gobernaba.

Moita demagogia con respecto ao Imposto de Bens Inmóbles (IBI) xa que presentaron a moción e retirárona.Presentaron a moción das pagas extras e retirárona porque mandaba Papa Raxoi, por outra banda tamen poderían, os Sres.Deputados do P.P. votar en contra do incremento do 10% que impón o Ministerio a este Imposto.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal do BNG, para indicar que non recomendaría dar cursos a ninguén pero sí, unha boa xestión. Pensamos que hai outra opción para non ter que subir as taxas cunha boa xestión pódese mellorar moito os servizos, e o Noso Grupo votoú a favor do Plan de Axuste para que cobrasen todos os provedores deste Concello, pero a responsabilidade era de Vostede. Polo que sen incremento de taxas e cunha boa xestión pódese mellorar os servizos e si se fala e dialoga e mírase a maneira donde se poidan recortar gastos o noso Grupo ofrécese para colaborar nese senso e nós non vamos a entrar no xogo de incumprimentos...

Intervén o Sr.Alcalde, D.Melchor Roel Rivas, para advertir da responsabilidade de votar a favor un acordo plenario na sesión extraordinaria celebrada o día quince de maio , para adherirse o Plan de Axuste e ir ao crédito extraordinario e a favor da concertación do mesmo para facer fronte as débedas que ten o Concello cos provedores. E Lémbrolle, que as taxas teñen que estar aprobadas antesdo 1 de xaneiro do 2013, teñen que estar aprobadas e ainas que publicar no B.O.P. polo prazo dun mes a efectos de exame e reclamacións, polo que vamos contra reloj. E refíndose o concelleiro do BNG dí que Vostede, aprobou en maio o acordo que léva implícito a subida do IPC. Dígolle que si as taxas non se aproban , tal e como se votoú en maio, que temos un compromiso



co Ministerio de Facenda; pero dicir que non se sube o IPC é dicir que non vai haber servizos. Teremos que recortar servizos. A diferenza é que a taxa é para aboar o servizo e o imposto e conforme ao poder adquisitivo. Vostedes ten a responsabilidade de votar a favor dun acordo plenario.

En cuestión de xestión, non fale, xa que fai pouco e tivemos que eliminar tres organismos autónomos que aínda estaban de alta como é: un Patronato de Deportes, o Patronato do Conservatorio e a Fundación do Teatro P. Díaz., que non existían como tales pero figuraban aínda na Entidade, e o mesmo 23 de outubro, que chegou o correo, e intentando que os veciños non perdan 198.000 €uros e, como xestión acertamos, e o noso deber como Goberno e traer as taxas ao Pleno e teremos que adaptar este recorte Orzamentos do 2013. Haberá que recortar en servizos e tamén en persoal como dice a Lei do Partido Popular, ademais este déficit non se vai poder aguantar.

Intervén D. Guillermo Leal Arias, en representación do Grupo Municipal Independentes de Viveiro (IVI), para sinalar que o seu grupo xa se abstivo polo mesmo que cando se fixo o plan de saneamento, pois entende que nestes momentos subir os impostos é moi gravoso para a xente e plantexa como alternativa que o Concello reduza os gastos para ter equilibrio e todo isto vai en perxuizo dos veciños, ademais dí que nestes intres non son os máis apropiados para incrementar o que xa se incrementou o ano anterior. Continúa dicindo que non está dacordo coas subidas e o incremento do 10% no caso do IBI, e tamen estamos en contra do imposto da auga porque é enganoso e pode subir ata nun 30% xa que hai que engadir o canón que impón a Xunta de Galicia nos recibos da auga. Existe unha persecución cara os contribuintes e temos que dar facilidades ós veciños e que se poida pagar o recibo en prazos, xa que virán moitos recibos do IBI devoltos. Todos somos culpables desta persecución ao contribuinte por parte da Administración e esperemos que non veña unha revisión do Catastro. Por outra banda, digo que Nos, non estamos conformes a que se deixe de prestar o servizo de axuda no fogar e xa presentamos unha moción para que se fixera cargo do Conservatorio a Xunta de Galicia porque é unha que nos tocou a sufrir. Remato dicindo que os Orzamentos teñen que estar presentados no pleno e nos, non cosideamos excesivas as taxas, excepto o IBI e a auga e o noso grupo vai votar abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que neste Concello xa se contempla nas ordenanzas facilitar os veciños a posibilidade de pagar a prazos nos prazos que se indiquen os recibos do IBI e tamen teñen bonificacións nos impostos as familias que teñen o título de “familia numerosa”, e tamén nos coches, dependendo do ano, hai unha exención do imposto, pero si que estoy dacordo co Grupo político IVI en que hai impostos que xa veñen sendo moi gravosos como a “depuración”. Lévese pagando desde o ano 1998 un recibo por depuración que non existía depuración e estamos negociando coa empresa a diferenza anual entre depuración e decantadora pedimos as contas 80.000 anual, pero si é verdade que Celeiro non ten depuradora e si a pedimos, Celeiro ten que pechar as dúas fábricas de Consevas e este Gobeno xa está cansado de defender os veciños. Tampouco hai alcantarillado na Parroquia de Galdo, pero Begasa quer que lle paguemos a liña como se fixo cos transformadores do



Concello, que tivemos que pagar, polo que si non se aproba a proposta polo Pleno, nós non vamos facer milagros e o Pleno asumira a responsabilidade do que se vote.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose en votación ordinaria , con seis votos a favor correspondentes ó grupo do PSOE, 2 abstencións, correspondentes ó grupo do IVI, e 7 votos en contra correspondentes os grupos do P.P. e BNG.

Polo que o Pleno do Concello por maioría de 7 (sete) votos en contra, 6 (seis) a favor e 2 (duas) abstencións, acorda REXEITAR a PROPOSTA DA ALCALDIA RELATIVA A MODIFICAR AS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE IMPOSTOS, TAXAS E PREZOS PUBLICOS PARA REXER NO ANO 2013.

9.-APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO DO SERVIZO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA

Polo Sr.Alcalde preséntase a seguinte Proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDIA RELATIVA A APROBACION PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL Nº 44 REGULADORA DOS PREZOS PUBLICOS DO SERVIZO DO CENTRO DE ATENCION A PRIMEIRA INFANCIA NO CONCELO DE VIVEIRO.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 44.4, establece que a Facenda da Comunidade Autónoma está constituída, entre outros rendementos, polos procedentes da prestación de servizos directos pola comunidade autónoma, sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servizos estatais.Pola súa vez, a Lei orgánica (/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, pronúnciase no mesmo sentido:

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, no título I, ámbito competencial e organización xeral da consellería, artigo 1, recolle, entre outras, como competencias da Consellería de Traballo e Benestar os servizos sociais, incluíndo as políticas de familia e menores.

O artigo 14 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, dispón que constitúen dereitos económicos da Facenda pública galega, entre outros, o importe dos prezos derivados dos servizos prestados pola Comunidade.

A lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu capítulo 2, título II, o réxime xeral dextensión, recadación e recursos en materia de prezos públicos.O artigo 47 da



mencianda lei sinala que os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería de que dependa o órgano ou entidade oferente.

Dado que os prezos públicos das escolas infantís 0-3 non sufriron ningunha actualización desde a entrada en vigor do Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, é preciso proceder á modificación das cotas para acomodolas á situación actual.

Por todo o que antecede , a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia regulou a través do Decreto 49-2012, do 19 de xaneiro, o réxime de prezos das escolas infantís.

Que o Concello de Viveiro xestiona a escola infantil.

Polo tanto e de conformidade co establecido no Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais (TRLRHL),aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, este Goberno Municipal, visto o informe de Intevención, **PROPON á Pleno da Corporación:**

1.-Aprobar provisionalmente, a ordenanza nº 44 reguladora dos prezos públicos do servizo do centro de atención primaria á infancia no Concello de Viveiro (se adxunta) segundo establece o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, coa salvidade de cuantificar o prezo da xornada de 6 horas, que é o servizo que dá actualmente a escola de atención primaria de Viveiro.

11.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado

Seguidamente non existindo debata sométese a votación, quedando aprobada por unanimidade dos membros presentes, con quince votos a favor, e en consecuencia declaráanse aprobadas:

Primeiro. A Aprobación provisiona da ordenanza nº 44 reguladora dos prezos públicos do servizo do centro de atención primaria á infancia no Concello de Viveiro.

Segundo.-A Exposición ao público no B.O.P. polo prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e raclamacións.

Terceiro.- en caso de non existir reclamación, enténdese aprobada definitivamente debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

10.-MOCION DA ALCALDIA DO GRUPO DO PSdG-PSOE PARA SOLICITAR O CESE COMO SOCIO DO EIXO ATLÁNTICO

Polo Sr.Alcalde dase conta da Moción en representación do grupo municipal do PSdG-PSOE para solicitar o cese como socios do eixo atlantico, e di: O Concello de Viveiro forma parte do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular dendo o ano 2007, cando, mediante acordo plenario de data 20 de setembro, se ratificou a súa adhesión a esta asociación, se aceptaron os seus estatutos e se comprometeu ao aboamento da cota anual establecida.



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.

A día de hoxe, debido á situación económica que seestá avivir e as medidas que este goberno se ve obrigado a adoptar para dar cumprimento ós obxectivos fixados no Plan de Axuste creado en virtude do Real Decreto Lei 4/2012, considérase convinte o cese deste concelo como socio da asociación referida.

E polo que se solicita ao pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar o cese do Concello de Viveiro como socio do Eixo Atlántico do Noroeste peninsular.

Segunto: Facultar ao Sr.Alcalde-Presidente a dirixir a petición de cese ao Presidente do Eixo Atlántico.

Dando comezo ó debate, polo Sr.Alcalde dícese que nestes intres, non se pode soportar estar pagando unha cuota de adhesión de 18.000 Euros e vemos a posibilidade de darnos de baixa e eses euros dedicalos a promoción turística do Concello de Viveiro.

Seguidamente intervén o voceiro do P.P. Sr. Antonio José Bouza Rodil e ven en dicir que xa nun pleno o noso Grupo platexou darse de baixa nese Eixo e considerabamos máis interesante estar na Mancomunidade Mariña, pero vostede dixo nese intre que era moi impotante para Viveiro, desde logo nós estamos dacordo na baixa do Eixo Atlántico.

Seguidamente o voceiro do BNG, Sr. Bernardo Fraga indica que vai votar a favor da baixa do Eixo Atlántico e que xa se puido haber feito antes, aínda que foí pena non poderlle sacar algo máis de proveito coa participación e conseguir algún tipo de subvención que compensara os 18.000 euros que se pagaban, ó igual que outros concellos, e mirar a maneira de poder compensar os 18.000 euros pero estamos dacordo en reducir gastos que non sexan imprescindibles.

Intevén o voceiro do IVI, considerámolo un gasto, e o beneficio pouco, por elo estamos dacordo na baixa e vamos votar a favor da baixa do Eixo Atlántico.

Sometido a votación queda aprobada por unanimidad, con quince votos a favor, a proposta da Alcaldía de:

Primeiro.-: Solicitar o cese do Concello de Viveiro como socio do Eixo Atlántico do Noroeste peninsular.

Segundo.-: Facultar ao Sr.Alcalde-Presidente a dirixir a petición de cese ao Presidente do Eixo Atlántico



11.- MOCION DA ALCALDIA EN REPRESENTACION DO GRUPO MUNICIPAL DO PS de G-PSOE, SOBREA INCLUSION DO CONCELLO DE VIVEIRO NA REDE DE DINAMIZACION LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE VIVEIRO.

A Rede de Dinamización Lingüística é unha asociación voluntaria que busca congrega as entidades con competencia na promoción do uso da lingua, como é a Administración Local. A súa finalidade, segundo establece a Orde do 14 de setembro de 2010 (publicada no DOG nº 182, de 21 de setembro de 2010), é congrega as actuacións dinamizadoras das institucións con competencia na promoción do uso do galego no ámbito local, cos seguintes obxectivos extratécnicos:

- Fomentar a dinamización da lingua galega e o seu coñecemento, uso e divulgación social.
- Consolidar e asentar a colaboración e a acción conxunta e coordinada da Secretaría Xeral de Política Lingüística e das entidades locais integradas nesta Rede, que permita o intercambio de experiencias, a suma de esforzos, así como evitar duplicidade de tarefas semellantes entre diferentes administracións ou con outras organizacións que actúan na promoción do uso da lingua galega.
- Asegurar o contacto interinstitucional para a consolidación das relacións que fagan efectiva a acción dinamizadora.
- Compartir unha planificación lingüística que defina estratexias básicas comúns en todo o territorio de Galicia e poñer a disposición de todos os membros da Rede os materiais e información básica relativa ás actividades de dinamización lingüística que se desenvolvan en cada unha das entidades integradas na Rede.
- Establecer criterios de avaliación e indicadores unificados que permitan avaliar as actuacións de promoción do uso do galego.
- Ampliar a difusión das actuacións das diferentes entidades que conforman a Rede a unha gran parte do territorio de fala galega.
- Favorecer un marco de formación para os profesionais dos servizos lingüísticos, así como doutros axentes participantes nos procesos de dinamización lingüística.
- Implicar e asesorar os diferentes axentes dinamizadores por unha maior eficacia e eficiencia no deseño de estratexias e desenvolvemento de actuacións.
- Fomentar a corresponsabilidade das diferentes entidades en materia de promoción do uso do galego.
- Promover un programa estable e continuado de formación en lingua galega para adultos, así como para colectivos específicos que se determine en cada zona ou en cada momento.

Tendo en conta o artigo 14 da <orde antes referida, no que se regula o procedemento de adhesión e separación da Rede.

Tendo en conta os beneficios que pode reportarlle ao Concello de Viveiro a súa inclusión na Rede de Dinamización Lingüística.



É polo que solicitamos ao pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:
PRIMEIRO:O Pleno do Concello de Viveiro acorda adherirse á Rede de Dinamización Lingüística.

SEGUNDO:o Pleno do Concello de Viveiro faculta ao Alcalde-Presidente do Concello de Viveiro para tramitar ante a Xunta de Galicia a solicitude de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística.

TERCEIRO: O Pleno do Concello de Viveiro faculta ao Alcalde-Presidente do Concello de Viveiro para designar á representación política e técnica que participará na Rede e aos seus suplentes correspondentes.

Non existindo debate sobre o asunto e sometido a votación o Pleno do Concello por unanimidade de todos os membros presentes,(quince) acorda aprobar a Moción da Alcaldía e adherirse á Rede de Dinamización Lingüística.

12.-MOCION DA ALCALDIA EN REPRESENTACION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSde G-PSOE,PARA SOLICITAR A DECLARACION DE MUNICIPIO LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS

Dado que o Tratado Europeo de Amsterdam de 1997 reconece aos animais vertebrados como seres dotados de sensibilidade non só física senón tamén psíquica, que poden sentir dor, sufrimento e angustia.

Dado que a Lei 1/1993 de Protección dos Animais da Comunidade Autónoma de Galicia prohíbe o uso de animais en espectáculos se isto pode ocasionarlles danos, sufrimento ou facelos obxecto de tratamento antinatural.

Dado que todos os animais, sexan da especie que sexan,, teñen dereito a ser respectados, non deben ser vítimas de maltratos, esforzos desmedidos, nin ser suxeitos a actos crueis que lles impliquen sufrimento ou lles causen estados de ansiedade ou medo.

Dado que a Organización Mundial de Sanidade Animal adoptou no ano 2004 as chamadas “Cinco Liberdades” que reconecen que os animais teñen un requisito inherentes e se lles debe prover de un ambiente apropiado, unha dieta adecuada,oportunidades para expresar comportamentos naturais,protección do medo e os estados angustiosos e protección da dor, danos ou enfermidades.

Dado que os animais deben recibir o trato que, aténdose ás súas necesidades etolóxicas, procure o seu benestar, e que nos circos estes adoitan vivir en condición de catividade aloxados e transportados a longas distancias en remolques de camións que non satisfacen as súas necesidades físicas e sociais máis básicas

Dado que entre os animais que se exhiben nos circox figuran animais salvaxes que, aínda que nados en catividade manteñen fortemente os seus instintos naturais e considerando que o proceso de aprendizase implica forzarlles a realizar comportamentos totalmente antinaturais para a súa especie a través da violencia.

Dado que o mantemento de animais salvaxes en circos non contribúe nin achega un beneficio á conservación das especies.

Dado que o respecto polo medio ambiente e a natureza comporta tamén o respecto aos outros seres coas que compartimos o planeta e que os circos con animais salvaxes non



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro

ofrecen unha educación medioambiental apropiada promovendo unha veisión terxiversada e falsa dos animais.

Dado que as administracións locais deben favorecer e pontencia unha conduta máis cívica da cidadanía na defensa e preservación da natureza e se deben preservar os principios éticos,sociais e medio ambientais.

Dado que un crecente número de concellos d todo o Estado e un crecente número de países do mundo non opermiten aactuación de espectáculos con animais nos seus territorios.

Dado que a presenza de animais salvaxes na vía pública pode supoñer un risco para a saúde publica pola posible transmisión de enfermidades.

Dado que os animais salvaxes poden ser potencialmente moi perigosos e existen numerosos casos de animais que escaparaon das súas instalacións e causaron graves danos materiais e persoais.

Por todo isto, solicítase ao pleno do Concello de Viveiro a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.-Manifestar o compromiso do Concello de Viveiro cos principios éticos, sociais e medio ambientais e co respecto a non ocasionar sufrimento aos animais.

SEGUNDO.-Declarar que este concello é contrario á exhibición de animais salvaxes en circos ou outras actividades que se encontren de maneira permanente ou temporal no noso municipio con independencia dolugar de residencia das persoas propietarias ou posuidoras destes.

TERCEIRO.-Non permitir a instalación neste concello (en terreos públicos) de cincos con animais salvaxes,aínda que estes non participen no espectáculo circense,como forma de garantir a seguridade cidadá ante posibles escapes.

CUARTO.-Comunicar o presente acordo á Federación galega de Municipios e Provincias e outras partes interesadas para os seus efectos oportunos.

”

Seguidamente polo Sr.Alcalde procédese a abrir o debate sobre a moción e fai uso da palabra en primeiro lugar:

O Concelleiro do Partido Popular Sr.Celestino V. García Paz, e ven en dicir que lle sorprende a Moción do Grupo Socialista xa que antonte a os medios de comunicación tamen lles chamaba a aención esta moción en Viveiro e o Partido Popular está en contra do maltrato animal, pero nós non podemos culpar a un colectivo como son as persoas que están e traballan con animais dos Circos. Afecta a un colectivo amplo a parte dos artistas do circo hai moito persoal nos circos que viven desas atraccións, e ademáis sabemos que moitas veces o bó do circo son os animais e que os cativos lles gustan moito ver animais que están moi coidados e que non son maltratados.Entón, observando os circos que se poñen en Viveiro, vemos que están coidados e que teñen os animais en distitntos departamentos, por iso nosoutros pensamos que para algo están as leis e que esta Moción afecta a moito colectivo dos circos e vamos votar en contra a pesar de que estamos en contra de todo maltrato animal.



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro

Intervén o Sr.Alcalde e dí que non hai nada mais coidado e mais mimado que un toro de lidia pero todos sabemos para que se coida tanto e para que se matan despois.

Seguidamente intevén o voceiro do Grupo BNG,sr.Bernardo Fraga, quén dí que o seu Grupo quedouse sorprendido,en primer lugar, estáse a dicir que a maioría dos Circos maltratan os animais, poi para eso están as denuncias.Nos,non temos una postura clara e vamonos abster,ademais a moción ten cuestións pouco claras, a parti de ahí, o que sería lóxico e denunciar. E no apartado terceiro eu non seis cando escapan, non temos datos, e a pesar de estar en contrata de todo maltrato, vamonos abster.

A continuación interven o voceiro do IVI,Sr.Guillermo Leal, quén dí que él non se sorprende da moción e que do maltrato animal pero pensa que naide ou ninguén vai esar a favor, o que pasa é que aprobar esta moción e meter a todo o mundo no mesmo saco. Aprobala, insiste é ir en contra do Circo. Por outra banda eu descoñeco a vida do circo pero penso que os que veñen a Viveiro veñen coa documentación en regra para eso está alei,ademais o lóxico sería que os circos que veñan,se non cumpren coa lei, que se denuncie todo tipo de maltrato, pero nós vamonos abaster.

Intervén o Sr.Alcalde e dí que veñen coas autorizacións sanitarias pero que se veu algún circo que non reunía condicións con xaulas pequenas e moitas veces vimos como viñan e non queremos ser cómplices aínda que veñan coas autorizacións sanitarias e vamos a manter a proposta xa que votamos por cidades éticas.

Seguidamente sométese a votación co seguinte resultado:

Votos a favor da moción, SEIS (6) –PSdG-PSOE.

Votos en contra, CINCO (5) P.P.

Abstencións, CATRO (2) BNG, 2 (IVI)

Queda aprobada por maioría simple a Moción da Alcaldía cos seguintes puntos:

PRIMEIRO.-Manifestar o compromiso do Concello de Viveiro cos principios éticos, sociais e medio ambientais e co respecto a non ocasionar sufrimento aos animais.

SEGUNDO.-Declarar que este concello é contrario á exhibición de animais salvaxes en circos ou outras actividades que se encontren de maneira permanente ou temporal no noso municipio con independencia dolugar de residencia das persoas propietarias ou posuidoras destes.

TERCEIRO.-Non permitir a instalación neste concello (en terreos públicos) de cincos con animais salvaxes,aínda que estes non participen no espectáculo circense,como forma de garantir a seguridade cidadá ante posibles escaps.

CUARTO.-Comunicar o presente acordo á Federación galega de Municipios e Provincias e outras partes interesadas para os seus efectos oportunos



EXCMO.CONCELLO

**DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro

13.-ESCRITO DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE VIVEIRO E Á XUNTA XERAL DA SOCIEDADE “TURVIVEIRO”

Polo Sr.D.Manuel Galdo Dopico, Concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Viveiro, ven en expoñer que sendo nomeado Conselleiro e Presidente de TURVIVEIRO S.L. do día 28 de xuño de 2012, formada polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Viveiro e unha vez cesado dos meus cargos no Goberno Municipal, como 3º Tenente de Alcalde, da área de deportes e desenvolvemento local, según notificación da Alcaldía deste Concello do pasado luns, día 1 de outubro de 2012.

PRESENTO a miña RENUNCIA aos cargos arriba reflectidos, como CONSELLEIRO E PRESENTE da empresa municipal TURVIVEIRO SL.

SOLICITA

Se faga efectiva a Renuncia aos cargos coa data de hoxe.

O Pleno Corporativo, por unanimidade, acepta a renuncia aos cargos como Conselleiro e Presidente da empresa municipal Turviveiro de D. Manuel Galdo Dopico a partir do día de hoxe.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde, dásele a palabra ao Concelleiro do Partido Popular D. Cesar Aja Mariño, quen fai una proposta de que antes de que veña ao Pleno se faiga unha reunión cos Portavoces dos partidos para saber como se vai formar Turviveiro.

Polo Sr. Alcalde, acéptase esta proposta do Sr. Cesar Aja Mariño de reunir previamente os portavoces para trata-lo asunto.

14.-ROGOS E PREGUNTAS

Polo Sr. Alcalde dícese que hai unha serie de preguntas formuladas a alcaldía en sesións anteriores e que como non está a Secretaria titular vaia a contestalas noutra sesión .


Seguidamente e no turno da súa palabra polo Concelleiro D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Populatr de Viveiro, realiza ó Alcalde da Corporación, as seguintes PREGUNTAS sobre as que desexa obter a correspondente resposta, ben oral ou ben escrita.

Segundo os veciños dos barrios de Pontigo, Parraguesa e Hermosende da parroquia de Galdo, unha vez rematado o saneamento fai xa un ano, este non se encontra operativo, motivo polo que preguntamos:

1. Cales son os motivos polos que, despois de ter rematada esta obra dende xa fai un ano, non se encontra operativo?.

2. Para cando está previsto a súa posta en servicio?.

3. Sen saír da parroquia de Galdo, concretamente no seu barrio máis importante na Feira, tamén nos consta que se encontra sen saneamento, o que aboca os veciños ou a ter un



pozo negro ou a verter directamente ó río, polo que preguntamos cando se pensa acometer o saneamento do citado barrio?.

Polo Sr.Alcalde se lle dí que serán contestadas noutra sesión.

Seguidmante, polo Sr.Concelleiro D.Cesar Aja Mariño, do P.P. ven en indicar que quer facer algunhas preguntas o Alcalde da Corporación sobre as que desexa obter as correspondentes respostas,ben oral ou ben escritas e pide a palabra.

Polo Sr.Alcalde-acéptase

A principios de xuño de este ano,prodúxose o desmoronamento do edificio sito na rúa Diaz Freijo.Como consecuencia da situación xenerada co posible risco paa os veciños procedéuse o desaloxo de 8 casas en tanto e canto realizábanse as labores de desmontaxe do mencionado edificio.

Salvando as distancia co o ocorrido no Celeiriño,existen no obstante certos paralelismos como son: o desaloxo e a demolición do edificio.

E por elo que formula ao alcalde a seguintes preguntas:

- 1.- Pagou ou comprometeu o ayuntamiento a través do equipo de goberno algunha cantidade os veciños desaloxados?.
- 2.-Si non se pagou ningunha cantidade, cal é o motivo polo que sí se lle pagou e se lle sigue pagando enormes cantidades os veciños do Celeiriño e sin embargo discrimínase os veciños de Días Freijo?.
- 3.-Pagou ou comprometeuse o ayuntamiento a través do equipo de Goberno algunha cantidades o propietario do edificio ruinoso?.
- 4.-Sabendo que non se lle pagou nin se axudou nada á propiedade de D'ñiaz Freijo,¿Cómo explica o alcalde que se hxa axudado consignificativas cantidades (DOUS Millóns de Euros) a unha empresa foránea como a de INMO-Xenión e sen embargo non se fixo nada a favor dun propietario nativo e contribuínte de Viveiro?.

Polo Sr.Alcalde,se lle resposta, que houbo unha reunión cos veciños de Diaz Freijo e nada mais que unha familia pidiu aloxarse e foi cinco días para un hostel e tamén se lles facilitou protección civil.

5.- Polo Sr.Cesar Aja Mariño se pregunta o Alcalde si se fixo algunha xestión, xa que nalgún Pleno hai un Rogo sobre a construción dunha pasarela dende o Campo de Futbol de Cantarrana. ¿Tramitouse ante a Xefatura de Costas?.

Resposta de Presidencia,

Polo Sr.Alcalde, dícese que non .



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro

6.-Polo Sr.Cesar Aja Mariño, se pregunta ó Alcalde si hai algunha conta aberta nas entidades bancarias fora dos claveros do Concello de Viveiro?.

Resposata de Presidencia,

Polo Sr.Alcalde, dícese que non, pero que o conteste o Sr.Interventor, quen de seguido dí que non ten coñecemento de ningunha conta aberta que non sexa cos claveros, aínda que o saberán millor as oficinas habilitadas da Tesourería.

ROGO

Polo Concelleiro Sr. Jesús Fernández Fernández ven en dicir que desde fai días está todo o muelle sin luz e pregunta si se fixo algo para solucionar o problema?

Resposta da Presidencia,

Polo Sr.Alcalde, dícese que o recinto do muelle pertence a Portos de Galicia e que é unha vergoña que haxa sido nomeado por un goberno democrático polo trato indiferente que ten con Viveiro o encargado de Portos de Galicia, ademáis sabemos como está o tema do muelle e que os concesionarios que ocupan os galpóns e que teñen por escrito indemnizacións por abandonar os almacéns, Portos, non nas queren pagar .Ademais por Viveiro nunca pasa aínda que é difícil pasar desde o Vicedo para ir a Portocelo, xa que hai que pasar por Viveiro, pero é moi extraño e nunca dá sinal de vida a pesar de chamalo desde a alcaldía, xa que eiquí nunca para, dí o alcalde e acepta o Rogo e que vai dar traslado a Portos de Galicia para dar unha solución e non ter o muelle sin luz.

SEGUNDO ROGO

Polo Concelleiro Sr.Jesús Fernández Fernández ,concelleiro do IVI, pregunta si se fixo algunha xestión para a instalación do Belen Xigante xa que entendemos que é un bó reclamo neste momentos difíciles para o comercio de Viveiro e deixaba moitos cartos.

Resposta da Presidencia,

Polo Sr.Alcalde dícese que sí, que se fixeron xestións, pero a dificultade e do custo, aínda que non se cobren as instalacións pero sí os gastos que xenera o montaxe, e sí, dí que xa se falou cunha cofradía para retomar a instalación do belen a tamaño natural pero xa veremos, pois si non hai ingresos e non temos cartos como se fan as cousas, e ademais hai que pagarlles os vixiantes, remata o alcalde dicindo...

E non habendo mais asuntos de que tratar.polo Sr.Alcalde levántase a sesion, sendo as vinteduas horas coarenta minutos do día con que se encabeza esta acta, que se estende por quintuplicado exemplar,do que eu, certifico.

SECRETARIA ACCTAL

